

SMG Services
Política de Privacidade Global

Data de entrada en vigor: marzo de 2018

Esta Política de Privacidade aplícaselle ao procesamento por parte de SMG dos Datos Persoais recollidos por medio deste sitio web e outros sitios web, servizos e aplicacións, incluídas as aplicacións móbiles, nos que se publique, ligue ou faga referencia a esta Política de Privacidade (colectivamente, "**SMG Services**"). Enténdense por "Datos Persoais" a información relativa a unha persoa física identificada ou identificábel. SMG Services é propiedade e/ou é operada por Service Management Group, LLC, Service Management Group Limited, Service Management Group GK e as súas respectivas filiais (colectivamente, "**SMG**", "nós" ou "nosoutros"). Esta Política de Privacidade fai referencia a como recollemos e procesamos os seus Datos Persoais.

REVISE ESTE AVISO DE PRIVACIDADE CON COIDADADO Os seus Datos Persoais han ser recollidos e procesados segundo está descrito nesta Política de Privacidade.

Se aínda non o fixo, revise os Termos de Servizo de SMG, que establecen os termos que rexen o uso dos nosos sitios web, aplicacións, servizos e aplicacións móbiles ("SMG Services").

SE NON CONCORDA CON CALQUERA PARTE DESTA POLÍTICA DE PRIVACIDADE OU TERMOS DE SERVIZO, NON FAGA USO DE SMG SERVICES.

- 1. CAMBIOS NA POLÍTICA DE PRIVACIDADE**
- 2. CATEGORÍAS DOS DATOS PERSOAIS PROCESADOS POR SMG**
- 3. COMO RECOLLEMOS A INFORMACIÓN E PROPOSITOS DO PROCESAMENTO**
- 4. FUNDAMENTOS LEGAIS PARA O PROCESAMENTO**
- 5. COMO EMPREGAMOS E PARTILLAMOS OS DATOS PERSOAIS**
- 6. CONSERVACIÓN E ELIMINACIÓN DOS DATOS PERSOAIS**
- 7. OS SEUS DEREITOS E OPCIÓNS NO TOCANTE AO PROCESAMENTO DOS DATOS PERSOAIS**
- 8. CONSECUENCIAS DE NON FORNECER OS DATOS PERSOAIS**
- 9. POLÍTICA DE COOKIES**
- 10. XESTIONAR A INFORMACIÓN DA SÚA CONTA**
- 11. PRIVACIDADE INFANTIL**
- 12. LIGAZÓNS A SERVIZOS DE TERCEIROS**
- 13. SEGURIDADE DA INFORMACIÓN**
- 14. CONSIDERACIÓNS XEOGRÁFICAS E TRANSFERENCIAS TRANSNACIONAIS DOS DATOS PERSOAIS**
- 15. CONTACTE CONNOSCO**
- 16. RESPONSÁBEL DE DATOS E RESPONSÁBEL DA PROTECCIÓN DE DATOS**

1. CAMBIOS NESTA POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Actualizaremos esta Política de Privacidade periodicamente en canto se fagan cambios que a afecten, tal como engadir novos servizos e aplicacións, mellorar os nosos servizos e afrontar os cambios nas tecnoloxías e leis. A Data de Entrada en Vigor desta Política de Privacidade, establecida na parte superior desta páxina web, reflicte a data na que foi actualizada por última vez. SMG halle notificar se estes cambios son importantes e, cando a lei aplicábel o requirir, solicitarémolle o seu consentimento. Esta notificación hase realizar por medio da publicación dun aviso dos cambios no noso sitio web ou por medio das nosas aplicacións.

2. CATEGORÍAS DOS DATOS PERSOAIS PROCESADOS POR SMG

SMG efectúa estudos de mercado en nome das empresas que desexan comprender mellor as preferencias dos consumidores sobre os seus bens e servizos. Estas empresas son os nosos “**Cientes**”. Efectuamos enquisas en nome dos nosos Cientes (nomeadamente, “**Enquisas**”) e empregamos esa información para obtermos perspectivas do consumidor, como onde, cando e con que frecuencia os consumidores visitan tendas minoristas e as súas experiencias durante ditas visitas. Cando vostede realiza unha Enquisa ou emprega SMG Services, recollemos Datos Persoais que vostede nos fornece de xeito voluntario.

Os Datos Persoais que recollemos inclúen: (1) Datos de contacto (endereço de correo electrónico, número de teléfono e empregador); (2) Datos demográficos (xénero, data de nacemento e código postal); (3) As súas respostas a enquisas na medida en que a información o identifique ou estea ligada a vostede como persoa individualmente identificábel; (4) Información vinculada co seu uso de SMG Services (“Datos de Uso”).

Os Datos de Uso que recollemos inclúen: (1) Enderezo IP; (2) Servidor do dominio; (3) Tipo(s) de dispositivo(s) empregados para acceder a Services; (4) Estatísticas e información asociada coa interacción entre o seu navegador ou dispositivo, como o modelo do dispositivo, portador/rede, información sobre a vida útil da batería para optimizar o seguimento da localización baseado na vida útil restante da batería e estatísticas básicas de uso do dispositivo; (5) GPS en tempo real ou outros datos de xeolocalización cando nos permite recibir información por medio da configuración da localización (ou semellante) no seu dispositivo; (6) Páxina web de referencia ou outra fonte por medio da que accedeu a Services. Cando realiza enquisas en liña, recollemos múltiples atributos únicos sobre o seu dispositivo co fin de detectarmos e atallarmos o fraude.

3. COMO RECOLLEMOS A INFORMACIÓN E PROPÓSITOS DO PROCESAMENTO

Recollemos e procesamos a información que vostede nos fornece e a partir do uso que fai de SMG Services. A información que recollemos e como a procesamos depende de como acceda e empregue vostede SMG Services.

De vostede. Recollemos información súa cando vostede:

- **Completa unha Enquisa:** Recollemos a información que vostede envía nas respostas da Enquisa sobre as súas experiencias e preferencias como consumidor. Podemos combinar a información recibida nas respostas da súa Enquisa coa información que recibimos dos nosos Cientes, tal como a información sobre a súa participación nos programas de fidelización dos nosos Cientes, para comprendermos mellor as súas experiencias de consumo. Tamén podemos combinar a información recibida nas respostas da súa Enquisa coa información recibida nas respostas doutros usuarios para comprendermos mellor as experiencias xerais do consumidor. Cando complete unha Enquisa, a información que vostede decida ofrecernos ha ser empregada en informes e outras análises das experiencias ou preferencias do consumidor para os nosos Cientes ou para calquera outro uso que lle digamos no momento no que se recolla a información. Se vostede non desexa que a súa información sexa empregada en informes, análises ou de calquera outro xeito, pode decidir non completar unha Enquisa.
- **Emprega SMG Services.** Recollemos automaticamente Datos de Uso cando vostede interactúa con SMG Services por medio de cookies e outras ferramentas de recollida de datos. Empregamos estes Datos de Uso para facilitar as comunicacións entre o seu dispositivo e os nosos sistemas, realizar Enquisas, garantir a integridade das Enquisas, detectar e evitar o fraude, realizar investigacións de mercado, xestionar e mellorar o noso sitio web e aplicacións, analizar o uso de SMG Services e melloralo.

Para máis información sobre como e por que empregamos cookies e ferramentas de recollida de datos similares, consulte a sección "Política de cookies" desta Política de Privacidade.

- **Envíe os seus datos persoais namentres utiliza SMG Services:** Cando envia os seus Datos Persoais en relación co uso de SMG Services, como fai cando se pon en contacto connosco na procura de asistencia ou cando fai comentarios sobre as súas experiencias cun dos nosos Clientes, recolleemos e analizamos a información que nos envía. Cando vostede fai comentarios a SMG, a información que nos fornece contribúe aos servizos que ofrecemos aos nosos Clientes e ao noso estudo de mercado en xeral. Co seu permiso, os seus comentarios poden ser publicados en TrumpetRatings.com e/ou nas páxinas web dos nosos Clientes. Cando dita información se publica nun foro público, tal como TrumpetRatings.com ou outros sitios web accesíbeis ao público xeral, dita información convértese en información pública. O que vostede escribiu pode ser visto e/ou recollido por terceiros e empregado por outros de maneiras que non podemos controlar ou predicir.
- **Accede a SMG Services por medio de credenciais de Redes Sociais:** SMG pode ofrecerlle a oportunidade de usar os servizos de redes sociais (nomeadamente, "Redes Sociais") para acceder a certos SMG Services. Cando escollo acceder a SMG Services por medio das credenciais de inicio de sesión de Redes Sociais, SMG pode, dependendo de como teña configurada a súa privacidade, ter acceso á información que proporcionase á plataforma de Rede Social, como o seu nome, enderezo de correo electrónico, foto de perfil, mensaxes, comentarios e outra información relacionada coa súa conta da Rede Social. Podemos empregar esta información para calquera propósito descrito nesta Política de Privacidade e para calquera outro propósito adicional do que se lle informase no momento no que se recolleu a información. Se non desexa que un provedor de Redes Sociais partille a súa información nas Redes Sociais con SMG, non debe utilizar as súas contas de Redes Sociais para acceder a SMG Services.

Dos nosos Clientes. Para algúns dos nosos produtos e servizos, os nosos Clientes poden enviarnos información sobre as súas interaccións coas súas marcas, produtos e servizos, que poden incluír información relacionada con calquera programa de fidelización no que vostede estea inscrito e información sobre as súas transaccións cos nosos Clientes. Podemos combinar esta información con outra información que recollamos para mellorar o estudo de mercado que realizamos e os servizos que lles ofrecemos aos nosos clientes.

4. FUNDAMENTOS LEGAIS PARA O PROCESAMENTO

- 4.1. Procesamos os seus datos de contacto, datos demográficos e respostas nas Enquistas cando vostede completa unha Enquisa ou emprega SMG Services. Procesamos ditos Datos Persoais con base aos intereses lexítimos dos nosos Clientes á hora de acadar valoracións dos seus clientes para axudalos a mellorar os seus produtos e servizos para o beneficio dos seus clientes e negocios e con base aos intereses lexítimos de SMG en mellorar os produtos, servizos e estudos de mercado de SMG e en responder as solicitudes de asistencia ou información dos usuarios.
- 4.2. Procesamos os seus Datos de Uso cando vostede enche unha Enquisa ou emprega SMG Services. Procesamos estes Datos de Uso baseados na súa elección para continuarmos coa Enquisa, confirmando o seu consentimento para que SMG empregue cookies e outras tecnoloxías de recollida de datos. Pode retirar o seu consentimento contactando co noso Responsábel de Protección de Datos por correo

electrónico a privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108.

- 4.3. Tamén podemos procesar a información que lles fornecese ás plataformas de Redes Sociais, dependendo de como estea configurada a privacidade, cando empregue os servizos de redes sociais xunto con SMG Services. Procesamos esta información con base ao seu consentimento, que vostede proporciona na configuración de privacidade do servizo de redes sociais. Pode retirar o seu consentimento mudando a configuración de privacidade para non permitirnos o acceso aos seus datos de Redes Sociais.
- 4.4. Procesamos a información recibida dos nosos Clientes no tocante ás interaccións coas súas marcas, produtos e servizos. Procesamos dita información con base aos intereses lexítimos dos Clientes de SMG e SMG, incluíndo a mellora e o realce dos produtos e servizos de SMG e dos nosos Clientes, así como mellorando o estudo de mercado de SMG.

5. COMO EMPREGAMOS E PARTILLAMOS OS DATOS PERSOAIS

A forma como empregamos e partillamos a información que recollemos ou que vostede nos fornece depende de como empregue ou acceda a SMG Services Cando sexa esixido pola lei, SMG cumprirá coa súa solicitude de que deixemos de fornecellos datos persoais a terceiros.

- **Comunicación con vostede.** Os seus Datos Persoais empregaranse, segundo for necesario, para xestionar a nosa relación e comunicarnos con vostede por correo, teléfono, correo electrónico, alertas móbiles e mensaxes de texto SMS. Con excepción de que un enquisado solicite comunicación expresamente, SMG non ha contactar un enquisado a menos que for preciso para verificar unha enquisa, para entregar Enquisas, para fornecer premios ou beneficios obtidos como resultado da enquisa, ou para darlle servizo ao cliente. Aínda que SMG non emprega os seus Datos Persoais con finalidade publicitaria directa, cómpre revisar a Política de Privacidade do cliente para o que estamos a recoller os seus Datos Persoais, a fin de determinar que dito cliente o fai. Podemos partillar os seus Datos Persoais con provedores de servizos que nos axuden a xestionar a nosa relación con vostede.
- **Realización dos servizos que solicita.** É posíbel que empreguemos e partillemos os seus Datos Persoais co fin de realizarmos os servizos que vostede solicite ou as funcións que vostede inicie, como cando publique información e materiais en taboleiros de anuncios, foros ou nas nosas páxinas de Redes Sociais. Asemade, cando vostede nos dá o seu permiso, podemos revelar os seus Datos Persoais para identificalo a calquera a quen vostede envíe comunicacións por medio de SMG Services. Ademais, é posíbel que empreguemos e partillemos os seus Datos Persoais con terceiros co fin de fornecer premios e cumprir cos beneficios que vostede solicitou e ganou ao realizar Enquisas. Se decide participar nun sorteo ou outra promoción, enviámoslles a súa información aos administradores desas promocións para que respondan ás súas preguntas ou se poñan en contacto con vostede sobre un premio que ganase ou outros asuntos relacionados coa promoción.
- **Análise do uso e mellora de SMG Services.** Empregamos os Datos Persoais recollidos a partir de cookies e outras ferramentas de recollida de datos para analizar o uso, a detección de fraudes e a mellora de rendemento de SMG Services. É posíbel que empreguemos servizos de análise de sitios web de terceiros para analizarmos como as persoas utilizan SMG Services, incluíndo, para rexistrar clic do rato, movementos do rato, actividades de desprazamento e texto que escriba en cadros de

texto de forma libre. Empregamos a información recollida destes servizos de terceiros para axudámonos a comprender mellor como os nosos usuarios atopan e empregan SMG Services, para mellorar os nosos servizos e para mellorar a súa experiencia de usuario.

- **Partillar datos con outros provedores de servizos.** É posíbel que partillemos a súa información, incluíndo os seus Datos Persoais, con outros provedores de servizos que empregamos para realizarmos as funcións para as que os contratamos, tal como aloxamento, almacenamento de datos e seguridade. Tamén podemos partillar os seus Datos Persoais, se for preciso, para operarmos outros servizos relacionados con SMG, nomeadamente clasificacións e revisións de sitios web que operamos.
- **Partillar datos con clientes.** Se vostede accede a SMG Services para realizar unha Enquisa sobre a súa experiencia de consumidor cun dos nosos Clientes, partillaremos os Datos Persoais que recollamos de vostede en relación coas respostas á Enquisa con ese Cliente. Tamén é posíbel que empreguemos estes Datos Persoais para obtermos información de estudo de mercado e fornecer análises de comportamento do consumidor e intelixencia de negocio aos nosos Clientes. Para obter información sobre como o Cliente para o que estamos a recoller os seus Datos Persoais emprega, protexe e procesa os Datos Persoais, lea a política de privacidade do Cliente. Nós e os nosos Clientes tamén podemos combinar diferentes tipos de información, incluídos Datos Persoais recollidos de ou sobre vostede por nós, o noso Cliente ou terceiros. SMG pode empregar a información combinada para calquera dos propósitos descritos nesta Política de Privacidade, e os nosos Clientes poden empregar a información combinada para calquera propósito descrito nas súas políticas de privacidade.
- **Cumprimento coas obrigas legais e facer cumprir os dereitos legais.** Tamén podemos partillar a información que recollemos de vostede, segundo for preciso, para facer valer os nosos dereitos, protexer a nosa propiedade ou protexer os dereitos, propiedade ou seguridade doutros, ou segundo for preciso para apoiar as funcións de auditoría externa, cumprimento e goberno corporativo. Habemos revelar os Datos Persoais cando o estimemos preciso para respondermos a unha citación, orde vinculante dunha autoridade ou xuíz de protección de datos, protección legal, solicitude governamental ou calquera outra obriga legal ou regulamentaria, en cada caso isto pode ser unha entidade fóra do seu país de residencia. Tamén podemos partillar Datos Persoais segundo for preciso para buscarmos recursos dispoñíbeis ou limitar os danos que poidamos sufrir.
- **Transferencia de datos con relación aos cambios corporativos.** Podemos transferir información sobre vostede, incluídos Datos Persoais, con relación a calquera reorganización, fusión, venda, empresa conxunta, cesión, transferencia, adquisición ou outro cambio de propiedade ou control por ou de SMG ou de calquera empresa afiliada (en cada caso, sexa na súa totalidade ou en parte), incluíndo, sen limitación, con relación a calquera bancarrota ou procedemento similar. Calquera entidade á que lle transferimos Datos Persoais estará obrigada a informarlle sobre calquera propósito de procesamento que non sexa compatíbel cos propósitos establecidos nesta Política de Privacidade, así coma calquera práctica de privacidade que sexa materialmente diferente ás prácticas establecidas nesta Política de Privacidade. Cando for requirido pola lei, dita entidade tamén será requirida para obter o seu consentimento.
- **Uso de datos persoais para outros fins comerciais.** Tamén empregamos os seus Datos Persoais para outros fins comerciais lexítimos, como o desenvolvemento de produtos e servizos e a administración dos Servizos SMG.

6. CONSERVACIÓN E ELIMINACIÓN DOS DATOS PERSOAIS

Habemos conservar os seus Datos Persoais nos nosos rexistros durante un período non superior ao necesario para os fins para os que foron recollidos orixinalmente. Cando dita información xa non for precisa para os fins para os que foi recollida orixinalmente, habemos eliminar de forma segura todos os seus Datos Persoais electrónicos e destruiremos de forma segura calquera copia impresa dos Datos Persoais, agás polo que for preciso para cumprirmos coas nosas obrigas legais.

7. OS SEUS DEREITOS E OPCÍONS NO TOCANTE AO PROCESAMENTO DOS DATOS PERSOAIS

Vostede pode interromper a súa participación en Enquisas en calquera momento se xa non ten acceso a SMG Services.

Se vostede reside nun lugar con leis ou regulacións que lle outorgan dereitos para solicitar accións específicas relacionadas cos seus Datos Persoais, gozará dos dereitos específicos que lle outorgan ditas lei(s) ou regulación(s), que poden incluír o dereito a solicitar acceso e rectificación (*por exemplo*, modificación ou complementariedade) ou borrado dos seus Datos Persoais, o dereito a transferir os seus datos (*é dicir*, a portabilidade dos datos), a restrición do procesamento dos seus Datos Persoais, así coma o dereito a oporse ao tratamento dos seus Datos Persoais, o dereito a retirar o seu consentimento, o dereito a cancelar a súa conta e o dereito a presentar unha reclamación perante unha autoridade de control. Todas estas solicitudes hanse tratar de conformidade cos parámetros establecidos nas leis e regulamentos aplicábeis.

Se vostede reside na Unión Europea, ten dereito a solicitarlle a SMG, de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, o acceso a, a rectificación ou a cancelación dos seus datos persoais, portabilidade de datos, restrición do procesamento dos seus datos persoais, o dereito a opoñerse ao tratamento dos seus datos persoais, o dereito a retirar o seu consentimento e o dereito a presentar unha reclamación perante unha autoridade de control. Se reside fóra da Unión Europea, é posíbel que tamén teña certos dereitos dos interesados en virtude das leis locais.

Para facer a solicitude, pónase en contacto co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico a privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108.

8. CONSECUCIAS DE NON FORNECER OS DATOS PERSOAIS

Aínda que a participación nas nosas Enquisas é voluntaria, é posíbel que non cualifique para certos incentivos, recompensas ou beneficios se non fornece toda a información solicitada na Enquisa.

9. POLÍTICA DE COOKIES

9.1. Que son as cookies?

SMG e os nosos prestadores de servizos empregan pequenos arquivos de texto chamados cookies. As "**Cookies**" son pequenos arquivos informáticos enviados aos que se accede desde o seu navegador web ou desde o disco duro da súa computadora, dispositivo móbil ou tableta e que conteñen información sobre o seu ordenador, como unha identificación de usuario, configuración de usuario, historial de navegación e actividades realizadas durante o uso dos Servizos. Unha cookie, polo xeral, contén o nome do dominio (localización de Internet) desde o que se orixinou a cookie, a "vida útil" da cookie (*é dicir*, cando expira) e o número ou identificador único xerado ao chou. As cookies poden estar ligadas a Datos Persoais.

9.2. Como empregamos as cookies es as ferramentas de recollida de datos

As cookies axúdannos a mellorar SMG Services ao rastrear os seus hábitos de navegación e personalizar a súa experiencia con SMG Services. Isto permítenos analizar a información técnica e de navegación sobre SMG Services e axúdanos a detectar e atallar o fraude.

Tamén empregamos Cookies e outras Ferramentas de Recollida de Datos (tal como balizas web e rexistros de servidor), ás que colectivamente chamamos "**Ferramentas de Recollida de Datos**", para axudar a mellorar a súa experiencia con SMG Services, por exemplo, recordándolle cando regrese a visitarnos e facendo que o contido que vexa sexa máis relevante para vostede.

SMG Services tamén pode empregar as Ferramentas de Recollida e Datos para recoller información do dispositivo que emprega para acceder a SMG Services, como o tipo de sistema operativo, tipo de navegador, dominio e outras configuracións do sistema, así coma o idioma que emprega o sistema e o país e a zona horaria na que está o dispositivo.

9.3. Controlar as cookies

Os navegadores web permiten certo control da maioría das Cookies por medio da configuración do navegador. Algúns navegadores web (incluídos os navegadores móbiles) fornecen configuracións que lle permiten rexeitar as Cookies ou alertarlle cando se coloca unha Cookie na súa computadora, tableta ou dispositivo móbil. É posíbel que poida rexeitar os identificadores de dispositivos móbiles activando a configuración axeitada no seu dispositivo móbil. Aínda que non está obrigado a aceptar as Cookies de SMG nin os identificadores de dispositivos móbiles, se as bloquea ou rexeita, é posíbel que non teña acceso a todas as funcións dispoñíbeis por medio de SMG Services. Ademais, se vostede reside nunha xurisdición que require que obteñamos o seu consentimento para empregar cookies nos nosos sitios web e/ou aplicacións, terá a oportunidade de administrar as súas preferencias de cookies neses sitios web e/ou aplicacións, agás se se requiren certas cookies para habilitar a funcionalidade principal de ditos sitios web e aplicacións e non se pode optar por deshabilitar ditas cookies.

10. XESTIONAR A INFORMACIÓN DA SÚA CONTA

Pode visitar a sección de conta de SMG Services correspondente para xestionar e corrixir as inexactitudes de feito na información que temos sobre vostede. Se ten preguntas sobre como acceder ou corrixir os seus Datos Persoais, contacte co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico en privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108.

11. PRIVACIDADE INFANTIL

SMG Services están dirixidos ao público en xeral e non menores que precisan do consentimento parental para procesar os seus Datos Persoais na xurisdición onde operamos. Non recolleemos intencionalmente datos persoais de ditas persoas Se vostede sabe dun menor que precisa do consentimento parental para procesar os seus Datos Persoais e estes foron fornecidos por ese menor sen o consentimento dos seus proxenitores, pónase en contacto co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico en privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108. Se sabemos dun menor que nos dese o seu consentimento para procesar os seus Datos Persoais sen o consentimento parental, tomaremos as medidas oportunas para eliminar dita información e cancelar a conta do menor tan pronto como for posíbel.

12. LIGAZÓNS A SERVIZOS DE TERCEIROS

SMG Services pode conter ligazóns a sitios web e servizos de terceiros ("**Servizos de terceiros**") cos que SMG non ten afiliación. Unha ligazón a calquera Servizo de Terceiros non significa que non avalemos a calidade ou exactitude da información presentada nel. Se decide visitar un Servizo de Terceiros, quedará suxeito ás súas prácticas de privacidade e non ás prácticas de privacidade establecidas nesta Política de Privacidade.

13. SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

SMG ten un programa de seguridade da información que implementa medidas técnicas, físicas e organizativas deseñadas para axudar a manter a seguridade e confidencialidade dos Datos Persoais; salvagardando contra as ameazas anticipadas a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos Datos Persoais; e protexendo os seus Datos Persoais contra a perda, mal uso, alteración ou destrución non autorizada, e acceso ou divulgación non autorizados.

Porén, cada vez que se procesen datos persoais, existe o risco de que ditos datos poidan perderse, utilizarse de xeito indebido, modificarse, piratearse, violarse ou seren accesos de calquera outro xeito por un terceiro non autorizado. Ningún sistema ou transmisión de datos en liña é completamente seguro. Ademais das medidas técnicas, físicas e organizativas que SMG ten establecidas para protexer os seus Datos Persoais, vostede debe empregar as medidas de seguridade axeitadas para protexer os seus Datos Persoais. Se vostede cre que a súa conta SMG ou calquera información que nos fornecese xa non é segura, notifíquelle ao noso Oficial de Protección de Datos inmediatamente por correo electrónico a privacyofficer@smg.com ou chamando ao 1-800-764-0439 e pedindo falar co Responsábel de Protección de Datos de SMG.

14. CONSIDERACIÓNS XEOGRÁFICAS E TRANSFERENCIAS TRANSNACIONAIS DOS DATOS PERSOAIS

SMG controla e opera SMG Services desde os Estados Unidos de América. SMG pode transferir, almacenar e procesar os seus Datos Persoais nos Estados Unidos, o Reino Unido, Xapón ou outra localización en Asia ou na Unión Europea. Teña en conta que as leis de protección de datos e privacidade do país ao que se transfiren os seus Datos Persoais poden non ser tan amplas coma as leis do seu país. Por exemplo, os Datos Persoais transferidos aos Estados Unidos poden estar suxeitos a solicitudes de acceso legal por parte das autoridades federais e estatais nos Estados Unidos.

Calquera transferencia de datos persoais desde o Espazo Económico Europeo ("EEE") aos Estados Unidos realízase de conformidade co Escudo de Privacidade UE-EE.UU. SMG participa e cumpre cos principios do Escudo de Privacidade UE-EE.UU. con respecto á recollida, uso, intercambio e retención de Datos Persoais do EEE, como se describe na nosa certificación de Escudo de Privacidade UE-EE.UU. Vexa a lista de Protección de Privacidade [aquí](#). Obteña máis información sobre o Escudo de Privacidade [aquí](#). SMG está suxeita á supervisión da Comisión Federal de Comercio dos EE.UU., e seguirá sendo responsábel do tratamento dos Datos Persoais de xeito incompatible cos Principios do Escudo de Privacidade por parte de terceiros aos que SMG transfere datos persoais, a menos que SMG demostre que non é de ningún xeito responsábel do evento que provocou o dano. Todas e cada unha destas transferencias de Datos Persoais fóra do EEE realizaranse segundo esta Política de Privacidade e todas as leis aplicábeis. Se vostede tiver unha queixa sobre o cumprimento do noso Escudo de Privacidade, pónase en contacto co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico en privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108.

Tamén pode emitir unha queixa, sen cargo ningún, ao noso órgano independente de resolución de disputas elixido, American Arbitration Association, e en certas circunstancias, invocar o proceso de arbitraje do Escudo de Privacidade.

A Política de Privacidade en inglés é a declaración oficial de SMG das súas prácticas de privacidade relacionadas con SMG Services. En caso de calquera inconsistencia entre esta Política de Privacidade en inglés e calquera tradución a outro idioma, prevalece o documento en inglés.

Tamén pode remitir unha reclamación, de forma gratuíta, ao noso corpo independente de resolución de disputas, American Arbitration Association (<http://go.adr.org/privacyshield.html>) e, en determinadas circunstancias, invoca o proceso de arbitraje Privacy Shield.

15. CONTACTE CONNOSCO

Se ten preguntas sobre a privacidade, precisa axuda para acceder ou actualizar os seus Datos Persoais ou ten algunha queixa relacionada co tratamento dos seus Datos Persoais, pode poñerse en contacto co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico en privacyofficer@smg.com

Tamén pode escribirnos ao enderezo:

Service Management Group, LLC
A/A: Data Protection Officer
1737 McGee Street
Kansas City, MO 64108

Service Management Group, Ltd.
A/A: Data Protection Officer
38-40 The Maltings
St Albans
Hertfordshire AL1 3HL
REINO UNIDO

Service Management Group G.K.
A/A: Data Protection Officer
2-7-16 No. 3 Komoriya Building 9F
Hamamatsu-cho, Minato-ku
Toklo 1050013, Xapón

16. RESPONSABÉL DE DATOS E RESPONSÁBEL DA PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos por SMG son controlados por Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108. Pode contactar co noso Responsábel de Protección de Datos por correo electrónico en privacyofficer@smg.com ou escribindo a Data Protection Officer, Service Management Group, LLC, 1737 McGee Street, Kansas City, MO 64108.